



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: DECAEMENTO DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL (DE DATA 23-08-2010) POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE SETEMBRO DE 2010.

---Contrato: DE “SUBMINISTRO E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO E ENTORNO RURAL (FEESL)”

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 29 DE SETEMBRO DE 2010

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía na que se indica que en data 23 de agosto de 2010 a Xunta de Goberno local acordou adxudicar provisionalmente o contrato de “SUBMINISTRO E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO E ENTORNO RURAL “ á empresa “TECNOCOM S.A.”, por un importe de 30.781,21 Euros (IVE incluído), indicándose neste acordo a obriga de presentar unha serie de documentación no prazo máis breve posible e nunca máis alá de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante; a data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante é o 2 de setembro de 2010, polo que o prazo de remate de presentación de documentación resultaba o 14 de setembro de 2010.

Con rexistro de entrada 011230 e data de entrada neste Concello o 17 de setembro de 2010 a empresa Tecnocom, S.A. aportou a seguinte documentación: Informe da Tesourería Municipal, alta e últimos recibos pagados IAE, certificado da Axencia Tributaria, certificado da seguridade social e a constitución da garantía definitiva; o cal comportou que a presentación da documentación non se realizase en prazo por parte de TECNOCOM, S.A.

Considerando o disposto nos artigos 87,1 e 135,5 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o establecido na cláusula XIV do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do contrato de subministro de “infraestrutura de telecomunicacións, radio, entorno rural”.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007,

A Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO: O decaemento da adxudicación provisional da empresa TECNOCOM, S.A. do contrato de “Subministro e infraestruturas de telecomunicacións, radios e entorno rural” cun orzamento (tipo de licitación) de 33.917,34 Euros (IVE incluído).

SEGUNDO: A devolución da garantía presentada para responder da execución do contrato.

TERCEIRO: Notifíquese o presente acordo á empresa TECNOCOM S.A. .

A Estrada 28 de setembro de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.